

A Virxe e no Neno

Felipe de Castro
Sanguina
Real Academia de Belas
Artes, Madrid

58 Os bosqueños de Felipe de Castro amosan a súa formación italiana e o dominio de todos os recursos do debuxo, con razóns sintéticas, expresivos. Este, para unha Coroación do Nosa Señora, trazado sobre un esquema crucifero, presenta co Neno diante e levada por anxos. Unha composición inspirada en Marelli, grácil, afastada do envaramento academicista.



Altar con alegoría da Dor

ante a Guerra
Lois Monteagudo
(Roma, c. 1760)

59 Lois Monteagudo debuxou, primordialmente, un centenar de motivos clásicos, que reuniu no seu Libro de varios adornos, durante a súa estada en Italia, entre o 1759 e 1764. Neles amosa a súa admiración pola arte antiga, sobre todo, pola romana. No debuxo deste altar haberá tamén un recordo da dor de Galicia polos danos da guerra con Portugal e con Inglaterra, que tantos desastres causaron. É o mesmo emblema de Llanta de Zigalla polo desastre de Rande.



BIOBIBLIOGRAFÍA | Por X. L. AXEITOS

SARMIENTO: 1695-1722

Nacemento

1695 Nace o nove de marzo en Villafraña del Bierzo. Era fillo de

Alonso García Gosende, mestre de obras, e de Clara Balboa, casados na vila berciana onde naceran xa os tres irmáns maiores: José Antonio (1683) Alonso Antonio (1686) e María Bernarda Josefa (1693). No bautizo, celebrado dez días despois da data do nacemento na parroquia de Santiago, impónselle o nome de Pedro José García Balboa. Tiña súa nai corenta e cinco anos, e ós catro meses de nacer trasladábase toda a familia a Pontevedra, onde seu pai ocupará o cargo de Correo Maior. Nesta cidade galega nacerán os seus irmáns menores: Francisco Xavier (1700), Francisca Clara e Ana Rosa (1706).

Este temperán traslado a Pontevedra será causa de non poucas confusións e reivindicacións por parte dos seus paisanos que, celosos e orgullosos da sabiduría do monxe bieito, reclamaban para a Boa Vila a honra de ser a patria de Sarmiento. Tal teoría sostiveron os pontevedreses Rodríguez Seoane e Álvarez Jiménez, ademais do santiagués Segade Campoamor, basándose en algúns escritos de carácter autobiográfico nos que Sarmiento se refire ós seus paisanos galegos. A polémica continuará ata a conmemoración do segundo centenario do seu nacemento (1895) cando o seu primeiro biógrafo, D. Antolín López Peláez, resume no primeiro capítulo do libro, *El Gran Gallego* (1895) a polémica sobre esta cuestión.

Algúns anos antes xa o coruñés Ramón Rúa Figueroa no seu *Diccionario de Minería* en colaboración con Maffei explicaba *sine ira nec studio* referíndose ó Padre Sarmiento o seguinte:

“...por las afecciones del país, por la incomparable belleza de aquellas risueñas montañas y pintorescos valles, y por la índole del dialecto gallego, que ofrecía ancho campo a las invectivas filológicas del sabio benedictino, al denominarse gallego, fue como un tributo de entusiasmo y de

carinho por su patria adoptiva, residencia y cuna de sus padres.”

Etapas pontevedresa

1695 Que sempre lembrará con gran sentimento e da que deixará nos seus escritos testemuñas e anécdotas. A primeira

1710 delas –tiña vinte e seis meses e vinte e dous días– é a fonda impresión que lle producen os xigantóns da procesión do Corpus pontevedrés.

Sabemos que na súa casa se falaba galego polas lembranzas das preguntas que lle formulaban: “¿Cal é a túa man dereita?” e a resposta do neno: “¿Cal é a miña man dereita? Eta”

Sabía aldraxar en galego e lembra ó respecto a anécdota de chamarlle “Fillo dunha puta” ó mestre de ler cando aínda non sabía o correcto significado da expresión.

Tamén lembra a asistencia á misa dominical na igrexa de San Xoán de Deus en Pontevedra. Para aliviar os xeonllos entrefíase na lectura dunhas palabras escritas a un lado e outro do altar maior e que decían: CHARITAS, HUMILITAS.

Do ano 1702 evoca o futuro frade dous sucesos relevantes: a primeira firma nunha “plana de a cuatro” que marcará o comezo dunha etapa de escritura a cotío: para as súas clases de Gramática e para mandados dos seus pais, o que indica a escasa formación destes.

Nunca esqueceu Sarmiento onde cursou as primeiras letras: no Colexio da Compañía do que garda recordos infelices: ter que falar castelán sen sabelo e ter que aprender de memoria cousas que non entendía. Despois, a partir de 1702 cursa Artes no mosteiro de Lerez, onde según ten afirmado Odriozola, tería coñecido a Feijoo, daquela pasante e lector de Poio e de Lerez.

Sempre que regresa a Pontevedra non deixará de visitar con nostalgia estes dous mosteiros da súa infancia.

Singular lembranza garda do ano 1702 cando evoca, moitos anos despois, o traslado das monxas de Santa Clara



Gravado pouco coñecido editado en maio de 1858 na revista pontevedresa *El porvenir hispano lusitano*

ó mosteiro de Tenorio ante o temor que lles causa a invasión da flota inglesa que entrara na Ría de Vigo o domingo día 22 de outubro.

Atópabase o neno e futuro bieitono negado da azeña de Santa Margarita cando dúas monxas velhas o recollen na súa fuxida. Cando anos máis tarde quere recoller datos sobre este suceso apenas atopa esta vaga referencia nas contas dunha partida: “Item, veinte reales que gastó nuestro Padre Abad cuando llevó las monjas a Pontevedra”.

Ingreso na Orde Benedictina

1710 O día tres de maio sae para o convento de San Martín de Madrid co fin de facer o noviciado na Orde benedictina. Profesa o 24 de maio de 1711.

1711 A mediados de outubro pasa a estudar Artes e Filosofía no colexio de Hirache (Navarra). Pasa os veráns en Madrid.

Etapas leonesa

1714 Regresa a Madrid en abril para ir a Salamanca a comezos de outubro para estudar Teoloxía no Colexio de San

Vicente. Nesta etapa salmantina é cando empeza a chamarse Fr. Martín Sarmiento. O cambio de nome debeuse, según nos di o profesor Pensado, a que había varios García e non puido quedarse co segundo porque tamén había outro Balboa. Todo parece indicar que elixe Sarmiento na honra de súa nai e Martín na do seu patrón do convento madrileño.

Durante a súa estancia en Salamanca fai de amanuense ó Mestre Fray Manuel Navarro, home de gran erudição que tería certa influencia nas oracións e estudos do noso monxe. Tamén aparece matriculado na Universidade no curso 1716-1717. Sempre retorna a Madrid nos veráns

En novembro de 1717 vai de pasante ó mosteiro de Eslonza onde permanecerá tamén os dous anos seguintes con estancias prolongadas en Madrid. Tras unha breve estancia en Salamanca, en 1720, de regreso de Eslonza, remata a súa etapa leonesa.

Etapas asturiana

1720 Desde o día 1 de novembro de 1720 ensina Teoloxía no convento de Celorio onde tamén predica uns vinte sermóns.

Esta faceta oratoria quedará oscurecida pola fama que posteriormente acadará como erudito e sabio ilustrado.

No mes de maio de 1723, deixa Celorio para trasladarse a San Vicente de Oviedo onde se atopa con Feixoo. Este encontro certificará unha amizade e mutua admiración que vai durar toda a vida e que asociará definitivamente os dous nomes bieitos ó mundo da Ilustración.

Neste primeiro ano asturiano escribe un *Romanzón a la cuido de la Torre de la catedral de Oviedo* (13-XII-1723) inaugurando un ton humorístico e irónico que cultivará en outros moitos escritos posteriores.

Adramán

Peixe moi grande e que serve de comparanza para unha cousa corpulenta. Fulano é un adramán. Representa como raia, pero abulta por dúas rodas de carro.

Xosé Luis Axeitua

Instituto Galego de Información


San Marcos

15090 Santiago de Compostela

Folla de graos


(1748) e taco de gravado
en testa
Jacobo Piedra, 1730.

60 Como toda cidade de peregrinación, Santiago tivo toda unha tradición de gravadores que alcanzan a súa maior perfección no segundo tercio do XVIII, cando Jacobo Piedra, anticipándose a Bewick, utilizou o buxo de pé ou en testa. (Seoane fixo nota-la importancia do aproveitamento da fibra na xilografía). Os gravadores de Compostela, de buril ou en madeira, teñen estreita relación cos orfebres e os arquitectos. Son admirables traballos dos Piedra. Abundan estampas de devoción e follas de grao.

Ilustración da
Arte de Reloxos

Fr. Manuel del Río

61 O sabio mester galego da relojería no século XVIII conta cun raro libro, a *Arte de Reloxes para Torre, Sala y Fabrica* do franciscano Manuel del Río, con ilustracións de Jacobo Piedra, na primeira edición. Lombardero Fernández de Lozoya, Furriel, Tormo, Agreda, realizan obras orixinais. As instalacións da Armada en Ferrol estimuláron estes traballos de precisión.



Antes de iniciar a primeira etapa madrileña, de vinte anos, en xuño de 1725 fai a súa primeira viaxe a Pontevedra para se despedir de súa nai que conta 75 anos de idade. Desta viaxe (Oviedo-Luarca-Ribadeo-Mondoñedo-Betanzos-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Tui-Ourense-León para chegar a Madrid o 27 de outubro) primeira a Galicia non fixo diario pero deixa noticias dabondo espalladas polos seus escritos, tal como adoita facer sempre.

Estancia madrileña
enmarcada nas dúas
viaxes a Galicia**1725**

Estes vinte anos na Corte, apenas interrompidos polos quince meses de estancia en Toledo (febreiro 1726-maio

1727) significan o comezo da súa actividade erudita. Ata este momento parece entregado ó estudo e formación sobre a base das bibliotecas monacais, que coñece e revisa detidamente. Non ten aínda unha biblioteca persoal importante.

Estes anos madrileños están marcados pola defensa da obra do Padre Feixoo e que nos deixarán a súa única obra publicada en vida: *Demostración Crítico-Apológica del Teatro Crítico Universal* (1732)

Nesta época redactará unha serie de informes e dictames realizados a petición de certos persoeiros que lle impiden dedicarse ós seus traballos vocacionais pero que lle permiten traballar relación co cumio do poder político e social. Así, por encargo do Nuncio e Cardenal Silvio Valentí Gonzaga redacta as *Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles* (1741-1745) que imprimirá Ibarra despois da morte de Sarmiento en 1775; por suxestión de D. Juan de Iriarte escribe *Reflexiones Literarias para una Biblioteca Real* (1743). E por orde do Rei Felipe V, a través do Secretario de Estado D. José de Carvajal, fai un dictame sobre o *Sistema de adornos de escultura, interiores y exteriores para el nuevo Palacio Real de Madrid* (1743) que ha de continuar por orde de Fernando VI nos anos 1747 e 1748. Tamén surxe por encargo o informe *Sobre el ocho por ciento* (1743) que debería pagar á Facenda o Orde Benedictina.



Debuxo de Sarmiento de 1745. Escudo do seu terceiro abó Alonso de Gosende na casa paterna das Raposeiras en Meilide, Cercado




A casa, na actualidade desaparecida, na que naceu Sarmiento en Vilafranca do Bierzo

Pazo de Santa Margarida da familia Sarmiento en Mourente, Pontevedra



Frei Martín xogou de novo á sombra do histórico carballo de Santa Margarida



Aquí, na casa grande de Perros en Samos, naceu a nai do futuro monxe



Nesta casa da praza da Herba viviu Sarmiento de neno. Debuxo de Carlos Sobrino



Pazo das Raposeiras en Meilide da familia paterna dos Gosende, nun debuxo de Portela Paz

Peda pomba


Chaman así en Marín á pedra pómex (o pumex), e atópanse moitas, á beira do mar, como abelairas. É sen dúbida peda pomba, voz corrupta de pedra pomes, pedra-pombes, peda pomba.

Palas Atenea

José Ferreira
Acrotério para
a Universidade

62 O escultor galego, residente na súa terra, que logrou maior fama no século de Sarmiento foi José Ferreira Suárez (Noia, 1738 - Hermesinde, 1830). O seu nome aparece ligado á renovación neoclásica nos retablos dos mosteiros benedictinos: San Martiño Pinario (1768), Sobrado (1770), Samos (1788).

En 1772 talla as estatuas de Virtudes e Evanxelistas para o gran mosteiro compostelán. Obra de excepción na arquitectura civil e a Minerva acrotério que coroa a fachada da Universidade (1803).



Santa Xertrudis

José Ferreira
San Martiño Pinario,
Santiago

63 Ferreira, casado con Fermína Gambino, puido dispoñer de debuxos e gravados que a familia da súa esposa traera de Italia: Leonardo, Bernini, caffè, della Valle, Bacci. Para a belísima Santa Escolástica, cantada por Rosalía de Castro, escolle o modelo no Éxtasis de Santa Catalina de Bazzi in Sodoma. A escultura fai parella coa Santa Xertrudis do retablo-porta do mesmo mosteiro.



Segunda viaxe a Galicia

1745
1746

Asiste ó Capítulo Xeral que celebra a Orde en Valladolid (12 a 23 de maio de 1745) e desde esta cidade dirixíxese a Galicia onde

permanecerá sete meses (xuño de 1745 a xaneiro de 1746).

Esta viaxe daralle ocasión de entregarse ás súas afeccións auténticas, lonxe de visitas e de encargos, a botánica e a lingua e cultura galegas. Anota coidadosamente os nomes de plantas e vexetais, interroga a nenos e maiores e regresará a Madrid empapado de cultura galega e de lembranzas recuperadas. Con ocasión da morte de Felipe V e da exaltación de Fernando VI escribe o *Coloquio de Perico y Marica. Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Nesta obra, chea de ironía e humor sen faltar as referencias históricas, intenta incluír un bo número das palabras que recollera durante a súa viaxe a Galicia. Estas coplas darán ocasión á *Colección de Voces y Frases Gallegas* que supón o comentario lingüístico ás voces galegas recollidas nas coplas e onde Sarmiento mostra as súas grandes cualidades filolóxicas. Este *Comento*, aínda que se entrega a el ata dous anos antes de morrer, remata na copla 195, según o manuscrito da colección Dávila.

Madrid de novo

1747
1754

Volven os escritos de encargo: *Catálogo de libros selectos* (1748) para o marqués de Aranda, *Sobre el animal Zebra* (1752) para o conde de

Maceda, *Sobre el archivo de Samos y archiveros* (1752) e *Sobre el archivo de Celanova* (1752) a petición da Orde e *Plano de un nuevo y fácil método para formar una general descripción Geográfica de España* (1751) por encargo do marqués da Ensenada.

Esta etapa é moi significativa porque marca o cumio da súa afección como naturalista e botanista que se irá desenvolvendo nos seus *Pensamientos Crítico-botánicos* (1753-1762).

Escrebe tamén nestes anos un dos seus escritos máis degoados polos estudiosos da súa obra, o *Índice Individual* da súa biblioteca particular. Según consta en carta ó conde de Aranda tiña por volta de 1750, 5000 libros, que podería vender en cen mil

reais, e que lle costaba moito acomodar na súa celda. No 24 de xuño de 1761 xa contaba con algo máis de seis mil tomos según conta en carta a J. A. D

e Armona. Cando morreu a súa biblioteca tiña arredor de sete mil quinientos libros.

E non lle faltan propostas de honras e homenaxes: en 1750 é nomeado Cronista de Indias, cunha asignación de dez mil reais. Tamén é presentado como Abad de Ripoll en xullo de 1755, cando se encontra viaxando por Galicia. Renunciará de contado ó pouco de regresar a Madrid.

Péchase esta etapa coa súa terceira viaxe a Galicia (5-V-1754 a 27-XI-1755) a máis longa das tres e tamén a máis fructífera.

Tercera viaxe a Galicia

1754
1755

Nos máis de 18 meses que dura esta viaxe comeza o seu *catálogo de Voces vulgares y en especial de voces gallegas de*

diferentes vegetables e continúa os apontamentos que constitúen o *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega*.

Tamén escribe desde Pontevedra a carta-informe ó Padre Terreros *Sobre el origen de la lengua gallega y Sobre la paleografía española* (1755).

Madrid e fin da viaxe

1755
1772

Ó regreso de Galicia volta a encerrarse na súa cela conventual e comeza, con sesenta anos, a súa época de maior fecundidade.

Entrégase con auténtica devoción ó estudio da botánica e da etimoloxía. Sucédense os escritos: *Acedarach, árbol llamado inicuamente Cinamomo* (1756), *Si nacen en Galicia, en qué sitios y en qué cantidad, de qué calidad los vegetables Kali, Sosa y Barilla* (1756), *Origen de las voces Pontega, Puga y Púa, de origen griego* (1756), *Noticias de algunos vegetables extraños que ya están connaturalizados, y se cultivan en España, o en tierra o en tiestos* (1756), *Mostajo en castellano, en León, Asturias y El Bierzo, 'mostayo', en Liébano, 'mostajo' (1757), De la planta carqueixa (2ª redacción, 1759), Árbol betula, en gallego bidueiro, en castellano abedul* (1759). En 1762 redacta un extenso traballo titulado *Papel curioso sobre la planta que en Galicia es muy común y se llama*



Mosteiro de Poio, unha das xoias benedictinas en Galicia

seyxebra. Esta afección combínase co interese pola Historia Natural e así escribe: *Sobre los atunes o almadrabas* (1759), *Sobre el lobo cervel* (1760), *Noticia sobre un cuerpo de Rhinoceros* (1762).

Entre as obras nadas de engargo, temos que citar neste época *Sobre los caminos reales de toda España* (1757) a petición do conde de Aranda.

E sempre estará presente a súa paixón pola etimoloxía que se nun principio estaba centrada sobre o castelán, logo se estende ó galego: *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (principiado en 1757 e no que traballa intermitentemente ata 1769), *Elementos etimológicos según el método de Euclides* (comezado en 1758 e rematado en 1766), *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares* (1770), *Etimologías de la voz Valdeorras y de su puente Cigarrosa* (1758), *Origen de la voz gallega mixiryqueiro* (1760).

No ano 1762 comeza o seu escrito máis extenso, *Obra de seiscientos sesenta pliegos* con motivo de contestar a un escrito publicado polos avogados da Coruña contra os foros e terras que poseen en Galicia os

benedictinos. Traballará nesta obra crútida e diversa ata 1766.

E tamén as súas experiencias viaxeiras por Galicia lle fan reflexionar sobre xeografía e historia antiga e escribe o seu *Problema corográfico para describir todo el reino de Galicia con un nuevo método* (1762).

As preocupacións pedagóxicas, presentes en moitas cartas e outros escritos, están recollidas na obra *Educación de la juventud* (1768).

Adiantándose a unha pregunta que se formulará despois da súa morte sobre as razóns polas que deixa inéditos centos e centos de pregos, escribe *El porque sí y el porque no del P. Sarmiento* (1758).

Morte e enterramento do P. Sarmiento

1772

Morre o P. Sarmiento o 7 de decembro de 1772 no mesmo

convento de San Martín onde pasou a maior parte da súa vida. No tomo primeiro da colección Dávila e debido probablemente a un compañeiro de hábito, figura

un escrito titulado *Anécdotas del P. Sarmiento*, no que consta que morreu "de sólo enfermedad natural de vejez y caducidad, a que había dado principio tres años antes, sin que jamás se hubiese sujetado a médicos ni boticarios".

En consoancia coa súa obra, inédita e esquecida durante moitos anos, tampouco se chegou a recuperar o seu corpo soterrado, despois de solenes exequias, na igrexa de San Martín de Madrid, derribada en 1809 baixo o reinado de José Bonaparte. As cinzas de Sarmiento foron trasladadas á Casa de la Villa ata 1813 en que a Alcaldía de Madrid ordeou a entrega dos restos do bieito á nova igrexa de San Martín. Contrasta esta perda coas exequias solenes e coa rica iconografía que nos deixaron a cargo do escultor Felipe de Castro e do pintor Gregorio Ferro. Sobre estas obras existen varios grabados e óleos de Mariano Cousiño e Isidro Carnicero, entre outros.

Tres meses despois da morte do Padre Sarmiento, Frei Anselmo Avelle predica nos honras fúnebres que se celebran en Madrid. Unha serie de tópicos e conceptos estrafalarios, sen que faltan versos ramplóns, provocan a risa de Cadalso.